



NOTA DE PRENSA

O Museo Casa de la Troya, que pecha as súas portas ata a vindeira Semana Santa, recibiu esta temporada un total de 2.496 visitantes

Continúa o proxecto “La Casa de la Troya nas escolas de Santiago de Compostela”

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2019 (Vía Láctea Comunicación).- O Museo Casa de la Troya vén de pechar as súas portas ao público, como xa é habitual, ata a vindeira Semana Santa. Recrea a pensión de estudantes que inmortalizou Alejandro Pérez Lugín na súa novela homónima do ano 1915.

O pasado venres, 13 de setembro, tiña lugar o derradeiro roteiro troyano desta temporada, dirixido nesta ocasión de maneira particular á Asociación de Veciños do Ensanche compostelán “Raigame”, que preside **Xosé Manuel Durán**. Os participantes nesta ruta dramatizada partiron, como nos demais roteiros, da praza do Toural, guiados polas explicacións de **Suso Martínez**, caracterizado como o estudante Casimiro Barcala de “La casa de la Troya”. Percorreron diferentes rúas e prazas emblemáticas do centro histórico de Compostela ligadas ao tempo histórico da novela, rematando cunha visita ao propio museo.

O museo recibiu este ano 2.496 visitantes de Europa, América, Asia e Oceanía

No tempo que estivo aberta La Casa de la Troya este ano -Semana Santa, Día das Letras Galegas, Día Internacional dos Museos e nos meses de verán-, o museo recibiu 2.496 visitantes, aínda que se agarda a visita dalgún colexio en vindeiras datas. “É unha cifra moi positiva, que se vai incrementando cada ano, e unha moi boa noticia para os que traballamos para que o espírito troiano se manteña vivo” -manifesta **Benigno Amor**, presidente da Asociación de Antigos Tunos Compostelanos, entidade que xestiona o museo-.

Tal como informan dende o museo, segundo a súa procedencia, os galegos seguen a ser os que máis nos visitan, cun 47% do total. Séguenlles os madrileños cun 14% e os andaluces cun 9% do total. Logo están os cataláns e os valencianos. Dos visitantes estranxeiros predominan os procedentes de países europeos, en particular portugueses, franceses e italianos, xuntos aos británicos e os alemáns. Do continente americano, os máis asiduos son os estadounidenses, seguidos dos mexicanos, arxentinos e brasileiros. De Asia hai representantes de Xapón e tamén chegan de Australia e de Nova Zelandia.

La Casa de la Troya nas escolas de Santiago de Compostela

O Museo Casa de la Troya continúa co proxecto *La Casa de la Troya nas escolas de Santiago de Compostela*, que arrancaba hai uns meses co fin de achegar ao alumnado de



Primaria de Santiago e a súa comarca a historia do museo. Nestes intres, aproveitando o inicio do curso escolar, convídase de novo aos colexios a visitar a vella pensión de estudantes. Trátase dun percorrido guiado, “unha experiencia considerada moi interesantes polos grupos escolares que nos teñen visitado. É como unha viaxe no tempo que nos permite achegarnos á vida universitaria compostelá de finais do século XIX” -salienta **Benigno Amor**-.

Algúns fitos desta temporada

Entre as visitas que recibiu a Casa de la Troya ao longo desta temporada, contouse co Arcebispo de Santiago, **Julián Barrio**, que se achegaba por primeira vez ao museo. Ademais, a agrupación musical da Asociación de Antiguos Tunos Compostelanos, “Trojanos de Compostela”, ofreceu diversas actuacións tanto na cidade como en diferentes puntos de Galicia, noutras comunidades autónomas e no veciño Portugal para presentar o seu primeiro disco, *Viva Galicia! A música no tempo de La Casa de la Troya*.

PRENSA_ 981 554 407 _ 639 768 929 www.vialactea.es

www.lacasadelatroya.gal